



# CONCURSO

CANTO E PERCUSIÓN TRADICIONAL

# TRASPÉS

AUDITORIO DO TEATRO AFUNDACIÓN VIGO



10 MAIO  
2015

WWW.TRASPES.COM

# BASES

1. Neste concurso poderán participar grupos de asociacións sen ánimo de lucro (xovenís, culturais, artísticas, recreativas, folclóricas, de veciños, centros parroquiais, ANPAS, etc.).
2. Constará dunha única modalidade: grupos de pandereteir@s.
3. Os grupos poderán ser femeninos, masculinos ou mixtos.
4. Cada participante non poderá concorrer en máis de dúas agrupacións.
5. É obrigatorio o uso do traxe tradicional galego.
6. A peza a interpretar deberá ser tradicional.
7. Cada grupo terá un tempo límite de 5 minutos. O grupo que exceda dito tempo quedará descualificado.
8. A participación nesta convocatoria requirirá a aceptación das normas contidas nas presentes bases, así como as decisións do xurado designado.

## CATEGORÍAS

1. A modalidade distribúese en tres categorías:
  - a. Categoría A: ata os 11 anos
  - b. Categoría B: de 12 a 16 anos
  - c. Categoría C: de 17 anos en diante
2. As categorías determinaranse pola media de idade dos compoñentes, e ningún deles poderá superar o límite da categoría en máis de dous anos.
3. A organización resérvase a posibilidade de suprimir algunha categoría no caso de que non se alcance o mínimo esixido (mínimo 5 grupos por categoría).



## XURADO

1. No momento da cualificación, o xurado terá en conta:
  - Autenticidade da peza
  - Dificultade da mesma
  - Afinación e interpretación
2. O xurado poderá descualificar a calquera intérprete que non atinxa as bases e/ou normas do concurso.
3. O xurado estará formado por tres persoas de recoñecido prestixio no eido do folclore tradicional, e os seus fallos e acordos serán inapelables.
4. O xurado terá a liberdade de esixir o DNI ou libro de familia.
5. O xurado estará nomeado e elixido pola Asociación Cultural Traspès.

## PREMIOS

1. Os premios serán os seguintes:
  - **Categorías A, B:**
    - 1.º premio: trofeo e 300 €
    - 2.º premio: trofeo e 150 €
    - 3.º premio: trofeo

**Accésit de vestiario en cada categoría.**
  - **Categoría C:**
    - 1.º premio: trofeo e 1000 €
    - 2.º premio: trofeo e 500 €
    - 3.º premio: trofeo e 250 €

**Accésit de vestiario: 150 €**



## INSCRICIÓN

1. **O prazo de inscrición rematará o día 26 de abril.** Para inscribirse débese enviar debidamente cumprimentada a folla de inscrición adxunta ao correo electrónico **traspes@traspes.com**.
2. A peza a interpretar terá que ser a mesma que figura na folla de inscrición.

## DATA

1. O concurso terá lugar o 10 de maio no auditorio do teatro Afundación Vigo.
2. Desenvolverase ao longo de todo o día, mañá e tarde, incluíndo a entrega de premios correspondente.
3. A hora de presentación, a orde e as normas serán enviadas previamente ao concurso vía correo electrónico ou carta.
4. O horario do concurso estará condicionado polo número de participantes e será comunicado aos grupos xunto coa orde de actuación unha vez feito o programa.
5. Os horarios serán enviados, como mínimo, unha semana antes da celebración do certame.



# Patrocinadores...



Deputación  
Pontevedra



Agrupación de Centros  
Deportivos e Culturais

**CODISOIL**  
GASÓLEO

[www.gasoleoscodisoil.es](http://www.gasoleoscodisoil.es)



[www.decotio.com](http://www.decotio.com)

Clg  
contradición

**SECITÖR**  
ONLINE SECURITY MONITOR

traspès   
ASOCIACIÓN • CULTURAL

W W W . T R A S P E S . C O M